

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

2923 *Orde FOM/420/2014, do 7 de marzo, pola que se modifica a Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.*

En cumprimento da Sentenza da Sala Primeira do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 28 de febreiro de 2013, que condena o Reino de España por incumprimento da Directiva 2001/14/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2001, relativa á adxudicación da capacidade de infraestrutura ferroviaria, aplicación de canons pola súa utilización e certificación da seguraza, na súa versión modificada pola Directiva 2007/58/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, cómpre modificar determinados aspectos da Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria que, conforme a citada sentenza, non cumpren o ordenado na referida normativa comunitaria.

Todo isto, sen prexuízo de modificacións máis profundas que se levarán a cabo a curto prazo para incorporar o disposto na Directiva 2012/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único. Esta directiva debe ser incorporada ao dereito interno español, o que exige a modificación da vixente lexislación ferroviaria, afectada substancialmente pola dita directiva. Non obstante, mentres non conclúa o proceso de transposición da aludida directiva, e dada a especial transcendencia e urxencia que ten o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza antes sinalada, procédese mediante esta orde ao seu cumprimento.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.*

A Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, queda modificada como segue:

A letra b) do artigo 11 queda redactada do seguinte modo:

«b) Se existe coincidencia de solicitudes para unha mesma franxa horaria ou a rede for declarada como conxestionada, tomaranse en conta para a súa asignación, por orde descendente de prioridade, as seguintes prioridades de adxudicación:

1. A existencia de infraestruturas especializadas e a posibilidade de atender as ditas solicitudes nas ditas infraestruturas.
2. Os servizos declarados de interese público.
3. Os servizos internacionais.
4. A eventual existencia de acordos marco que prevexan a adxudicación desa solicitude de capacidade.
5. A solicitude, por un candidato, dunha mesma franxa horaria durante varios días da semana ou en sucesivas semanas do período horario.
6. A eficiencia do sistema».

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase ao dereito español a Directiva 2001/14/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2001, relativa á adxudicación da capacidade de infraestrutura ferroviaria, aplicación de canons pola súa utilización e certificación da seguranza, na súa versión modificada pola Directiva 2007/58/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de marzo de 2014.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.